



4

nin arre
nin xo



FUNCIÓNS COMUNICATIVAS	COÑECEMENTO DO CÓDIGO			CONTIDOS SOCIOCULTURAIS
	LÉXICO	GRAMÁTICA	FONÉTICA E ORTOGRAFÍA	
❖ Comparar e contrastar alternativas ❖ Referir o contido dunha postal, correo etc.	❖ Traballo: electrodomésticos	❖ Pronome persoal: os recíprocos ❖ Derivación: sufixos que indican "instrumento" ❖ Perífrases verbais aspectuais imperfectivas ❖ Tipoloxía textual: instrucións dun aparello	❖ Cambios de acentuación con respecto ao castelán ❖ Conectores textuais: as conclusións ❖ GALEGO EN ACCIÓN: Inventar un aparello	❖ A prensa en Galicia



Actividade introdutoria

1. Que ves aquí?, que usarías para...?

Podes elixir varios usos para cada aparello, logo vas ter que explicar por que elixiches ese aparello e como o empregarías para o fin que che propoñemos.

- Ir antes para a cama
- Poñerte a dieta
- Coidar a túa pel
- Aliviar unha dor muscular
- Aliviar a resaca do día anterior
- Entreterte un anaco de tempo
- Conducir máis relaxado
- Quedar co rapaz tan simpático que coñeciches onte
- Ter lista a camiseta que botaches onte no cesto da roupa
- Sacar o traballo de diante o máis rápido posible



2. Observa os dous personaxes que están na fotografía anterior, quen cres que son e que fan?

Por parellas, redactade o diálogo que credes que poden estar tendo na tenda de electrodomésticos e logo escenificádeo na aula. Coas seguintes expresións, fai dúas columnas separando as que consideres apropiadas para usar neste contexto e as que non sexan adecuadas. Logo, inseride no voso diálogo as apropiadas e explica por que desbotaches as outras:

- Por favor...
- Non ter nin idea
- Ser unha persoa de palabra
- Mercar con confianza
- Pode devolvelo

- De ningunha maneira
- Ata aí podíamos chegar
- É mellor...
- Buscar o mellor rendemento
- Enganar



3. Os carnés dos electrodomésticos:

Imaxina que es un vendedor/a de electrodomésticos que lle tes que explicar ao cliente todas as características deste aparello. Por parellas, simula a situación, un membro fará o papel de vendedor e outro de cliente.



Capacidade 303 litros • Clase enerxética A • Tratamento antibacterias • NO FROST • Portas reversibles • Bandexas de vidro • Función "superconxelación" • 186x60x60 cm

P.V.P.:

499€




ENERXÍA
Xerafor
Modelo 345T

LAVALOUZAS



Máis eficiente



Menos eficiente

CONSUMO DE ENERXÍA

A: máis alto G: máis baixo

EFICACIA DE LAVADO

A: máis alto G: máis baixo

EFICACIA DE SECADO

A: máis alto G: máis baixo

CONSUMO DE AUGA POR LAVADO

INFORMACIÓN ÚTIL

Esta etiqueta é obrigatoria en cada electrodoméstico posto á venda e permítelle ao comprador saber a eficiencia enerxética deste de forma rápida. Existen sete clases de eficiencia, identificadas por un código de cores e letras e que van dende a cor verde da letra A, que identifica os electrodomésticos máis eficientes, ata a cor vermella da letra G, que identifica os menos eficientes. Tendo en conta que a vida media dun destes aparellos adoita superar os dez anos, poderíamos dicir que o aforro enerxético na factura eléctrica dos electrodomésticos do tipo A, comparados cos do tipo G, pode roldar os 600 euros. Frigoríficos e conxeladores, lavadoras, lavalouzas, secadoras, fornos eléctricos e aparellos de aire acondicionado son os electrodomésticos sometidos a esta normativa.



Gramática e léxico

Prácticas guiadas



GRAMÁTICA SELECTIVA

Para contrastar alternativas, podemos usar as seguintes expresións:

<i>É / parece mellor porque...</i>	<i>É / parece peor porque...</i>
<i>Pois a min paréceme que...</i>	<i>Eu prefiro...</i>
<i>Eu decidome por... / ti decideste por... / el/ela decídese por...</i>	
<i>Semella máis conveniente...</i>	<i>Ter moitos inconvenientes...</i>

Para indicar que unha acción aínda está en proceso ou está sen rematar, usamos as PERÍFRASES ASPECTUAIS IMPERFECTIVAS:

Estar + xerundio
Levar + xerundio
Seguir + xerundio

Choco está traballando nunha fábrica.
Levas facendo o parvo toda a noite.
Segues estudando ou xa remataches?

Para referirllle a outra persoa o contido do que alguén che dixo ou escribiu, tes que utilizar o ESTILO INDIRECTO.

O estilo indirecto caracterízase por usar un VERBO DE DICCIÓN (dicir, preguntar, contar...), seguido dunha CONXUNCIÓN COMPLETIVA (que, se), que introduce unha oración subordinada.

Choco DIXO QUE o estaba pasando ben.
O mestre PREGUNTOU SE estudáramos moito.
CONTÁBAME meu pai na súa última carta QUE tiña moito traballo.

SE, NOS, VOS, PRONOMES RECÍPROCOS

Se te fixas na postal que escribe Zaca, aparecen destacados en vermello dous usos recíprocos. As oracións recíprocas levan: suxeitos plurais, verbos en 1.ª, 2.ª ou 3.ª persoa do plural, acompañados polos pronomes recíprocos correspondentes.

Serven para indicar que a acción é mutua:

Choco e Zaca COÑÉCENSE dende hai tempo.
Ti e o teu mozo QUERÉDEVOS moito.
ESCRIBÍMONOS a miúdo para estar en contacto.



Léxico

Coloquial: botar contas

Estándar: comparar

Culto: contrastar

Coloquial: falarse por carta

Estándar: escribir por carta

Culto: contactar por correo

Coloquial: ser o mellor para...

Estándar: ser conveniente

Culto: ser propicio

Coloquial: currar

Estándar: traballar

Culto: laborar

Coloquial: pillar curro

Estándar: atopar traballo

Culto: encontrar ocupación

Coloquial: armar algo

Estándar: inventar

Culto: idear un invento

4. Escoita esta conversa entre dous amigos que se atopan casualmente nun bar: 

CHOCO

IDADE: 27 ANOS

TRABALLO ACTUAL: VENDEDOR DE TENDA
DE DISCOS

ESTUDOS: BIOLOXÍA/CONSERVATORIO

AFECCIÓNS: MÚSICA, VIAJAR



ZACA

IDADE: 25 ANOS

TRABALLO ACTUAL: PISCIFACTORÍA

ESTUDOS: BIOLOXÍA/CICLO SUPERIOR DE
ANIMADOR SOCIOCULTURAL

AFECCIÓNS: PLANTAS MEDICINAIS, COCIÑA



Por parellas, simulade como continúa a conversa tendo en conta o seguinte:

- Choco cóntalle en que está traballando actualmente.
- Zaca fai un repaso moi rápido do acontecido nos últimos dous anos que hai que non se ven dende que estudaron xuntos. Cóntalle en que traballa actualmente.
- Revisan xuntos as ofertas de emprego porque ambos os dous queren cambiar de traballo.



N.º oferta: 12/2007/38569

Data: 23/11/07

Posto ofertado: TÉCNICO/A EN ENCADERNACIÓN (INDUSTRIAS GRÁFICAS)

Localidade: BEGONTE (LUGO)

Requisitos: necesítanse encadernadores industriais. Imprescindible experiencia ou estudos de artes gráficas na rama de encadernación.

N.º oferta: 12/2007/41518

Data: 23/11/07

Posto ofertado: CAMAREIRO/A

Localidade: REDONDELA (PONTEVEDRA)

Requisitos: necesítase camareiro/a.

N.º oferta: 12/2007/41694

Data: 23/11/07

Posto ofertado: MONTADOR/A DE CARPINTARÍA METÁLICA, ALUMINIO E PVC

Localidade: REDONDELA (PONTEVEDRA)

Requisitos: necesítase montador/a de carpintaría metálica, aluminio e PVC.

N.º oferta: 12/2007/40081

Data: 30/11/07

Posto ofertado: MÉDICO/A

Localidade: TEO (A CORUÑA)

Requisitos: necesítase médico/a de medicina xeral para traballar nunha residencia da terceira idade no municipio de Teo.

N.º oferta: 12/2007/42357

Data: 23/11/07

Posto ofertado: AXENTE COMERCIAL

Localidade: CORUÑA, A

Requisitos: necesítase axente comercial.

N.º oferta: 12/2007/42527

Data: 23/11/07

Posto ofertado: MÚSICO/A INSTRUMENTISTA

Localidade: RIANXO (A CORUÑA)

Requisitos: necesítase músico/a instrumentista para orquestra: teclista/pianista.

N.º oferta: 12/2007/40890

Data: 23/11/07

Posto ofertado: TÉCNICO/A EN DIETÉTICA E NUTRICIÓN

Localidade: CORUÑA, A

Requisitos: necesítase técnico/a en dietética e nutrición.

N.º oferta: 12/2007/42350

Data: 23/11/07

Posto ofertado: ORIENTADOR/A PROFESIONAL PARA INSERCIÓN

Localidade: SANTIAGO DE COMPOSTELA

Requisitos: necesítase orientador/a profesional para a inserción. Con coñecementos de galego. Nivel básico de informática. Diplomado/a en Traballo Social ou Educación Social.



5. Que oferta elixe Choco? É acorde cos seus estudos?

Explica os argumentos a favor e en contra que pode ter para facer esa elección.

A favor...

É un posto mellor pagado...

...

En contra...

Vive lonxe de onde está...

...

6. E ti, aceptarías estes postos de traballo? Se tiveses que elixir un dos dous, con cal quedarías?, por que?

Valora as vantaxes e os inconvenientes de cada un deles.

N.º oferta: 12/2007/42332

Data: 23/11/07

Posto ofertado: XERENTE PARA EMPRESA DA MADEIRA

Localidade: SANTIAGO DE COMPOSTELA (A CORUÑA)

Requisitos: necesítase axente de desenvolvemento local.

Licenciado/a en Económicas, Empresariais ou Administración. Nivel básico de informática e coñecementos de galego.

N.º oferta: 12/2007/42338

Data: 23/11/07

Posto ofertado: TÉCNICO/A EN ESTUDOS DE MERCADO E OPINIÓN PÚBLICA


Localidade: VIGO (PONTEVEDRA)

Requisitos: necesítase técnico/a en estudos de mercado e opinión pública. Nivel básico de informática. Licenciado/a en Socioloxía e coñecementos da lingua galega.



7. Choco e Zaca coñécense dende nenos e, aínda que hai un par de anos que non se ven, sempre mantiveron contacto por correo.

Mira esta postal que lle enviou dende... Dende onde cres ti?



8. Imaxina que es Choco e que tes que contarlle a outro amigo teu que recibiches a postal de Zaca...



Galego en acción

9. Propoñémosche que te convertas en inventor/a. Fíxate nestes deseños:



FICHA TÉCNICA

NOME: _____

UTILIDADES: _____

VANTAXES CON RESPECTO A PRODUCTOS SIMILARES: _____



FICHA TÉCNICA

NOME: _____

UTILIDADES: _____

VANTAXES CON RESPECTO A PRODUCTOS SIMILARES: _____



FICHA TÉCNICA

NOME: _____

UTILIDADES: _____

VANTAXES CON RESPECTO A PRODUCTOS SIMILARES: _____



FICHA TÉCNICA

NOME: _____

UTILIDADES: _____

VANTAGES CON RESPECTO A PRODUCTOS SIMILARES: _____

FICHA TÉCNICA

NOME: _____

UTILIDADES: _____

VANTAGES CON RESPECTO A PRODUCTOS SIMILARES: _____

FICHA TÉCNICA

NOME: _____

UTILIDADES: _____

VANTAGES CON RESPECTO A PRODUCTOS SIMILARES: _____





Tipoloxía textual

Instrucións de uso

10. Elixo agora un dos produtos.

Despois de facer unha breve ficha técnica, vas ter que redactar o seu texto de INSTRUCCIÓNS DE USO.

INSTRUCCIÓNS DE USO

O aparello que vostede acaba de adquirir, o/a _____, resulta moi útil para _____

_____.

Para comezar a gozar del, vostede só ten que seguir estas _____ instrucións de uso:

1. Saque con coidado _____

e _____.

2 _____

_____.

3 _____

_____.

4 _____

_____.

Para concluír, debe recordar que _____

_____.



Gramática Selectiva

USOS:

Úsase para...

Serve para...

Ser útil para...

Ser bo para...

Pódese utilizar como...

MATERIAIS:

ESTAR FEITO DE...

Plástico

Metal

Madeira

Pedra

Louza...

FUNCIONAMENTO:

FUNCIONA CON...

Pilas

Corrente

Motor

Auga

A pedais...

TEXTO INSTRUTIVO

Para poñerlles nomes aos teus aparellos, de seguro que usaches algúns sufixos que indican instrumento:

-DOR/A: batedor, abridor

-SOR/A: televisor, impresora

-TOR/A: transistor

-EIRO/A: neveira

Lembra que un texto instrutivo é aquel que recolle as instrucións para aprender a facer algo (receita de co-ciña, uso dun aparello, montaxe dun moble...).

Polo mesmo, debe ser moi claro na súa exposición e ordenado para que poidamos ir seguindo paso a paso as instrucións. Por ese motivo, adoitan estar numeradas ou cunha orde visible (guións, separadas por puntos...).

O enunciado destas, dado que son ordes, adoita levar IMPERATIVOS. Tamén podemos incluír conclusións con fórmulas como:

En conclusión...

Concluindo....

Por último....

Para rematar....

11. Que nome lles poñerías a estes aparellos que se definen aquí. Lembra o que dixemos dos sufixos que indican instrumento:

_____ : s.m.pl. Aparello que serve para sacar a caspa das orellas.

_____ : s.f.sing. Dise do instrumento que se utiliza para limpar o po acumulado nos cinceiros de cristal.

_____ : s.m.sing. Instrumento usado para mondar castañas cando aínda non dan ben a pel.

_____ : s.f.sing. Aparello que se utiliza para tapar a punta dos dedos e evitar así que alguén morda as unllas.

_____ : s.m.pl. Nome que recibe o instrumento utilizado para quentar o aire dun cuarto situado no faiado da casa.

_____ : s.f.pl. Dise do aparello que serve para reciclar chaves usadas.



Modelo actividade Celga

12. Observa esta publicidade das series que van pasar na televisión.
Cal elixirías da grella de hoxe? Por que? Cubre a ficha técnica:

Data de emisión: _____
Nome da serie: _____
Xénero: _____
Nome do capítulo: _____
Argumento: _____

13. Responde:

- a) Gústanche as series policiais, podes ver unha todos os días na TVG?
- b) Prefires as series que falan doutros colectivos profesionais como...
- c) Gústanche máis as policiais ca as de ciencia ficción porque...
- d) O personaxe de Colombo resúltache simpático/antipático porque...
- e) Prefires a serie de Walker porque...



Contido sociocultural

A prensa en Galicia

Hoxe a prensa galega conta con varias cabeceiras que están entre as máis lidas do conxunto do Estado español. Ese é o caso de *La voz de Galicia* que, segundo os últimos estudos xerais de medios, está entre os dez xornais máis lidos de España cun número de lectores que oscila entre os 600 e 700.000.

En segundo lugar, en Galicia sitúase o *Faro de Vigo* que ten arredor de 300.000 lectores.

As principais cidades galegas contan con algún xornal. Así *La voz de Galicia* ten a súa sede na cidade da Coruña, *El correo gallego* en Santiago de Compostela, *La Región* en Ourense, *El progreso* en Lugo e *Diario de Pontevedra* en Pontevedra.

Ademais, existen publicacións dixitais que cada día gañan en lectores, como son por exemplo *A peneira* ou *Xornal.com*.

Entre os que están escritos na nosa lingua, destacaremos o xornal diario *Galicia Hoxe*.

La Voz de Galicia

La Región

DIARIO DE LUGO DESDE 1968
El Progreso

El Correo Gallego

Galicia-Hoxe

dixital **A Peneira** BETA

xornal.com
EL PRIMER DIARIO ELECTRÓNICO DE GALICIA



Transcripción do audio



4. Conversa entre dous amigos que se atopan casualmente nun bar.

- Choco?, es ti?
- Home!, Zaca! De verdade que es ti? (risas e son de aperta entre os dous amigos).
- Non o podo crer, tío. Mira que hai tempo! Dende os anos de Bioloxía.
- Que é da túa vida logo?
- Pois nada, xa sabes. Rematei os estudos e estou probando aquí e alá ata que apareza algo do meu. Agora mesmo pílhasme mirando os anuncios breves de ofertas de emprego, a ver se deixo o posto de vendedor de electrodomésticos... E ti? Estás por fin con aquela moza que te volvía tolo ou non?
- Non, non... ao final non me fixo caso, xa ves... Pero non falemos de cousas tristes... Veña, tomamos un café e contásme con detalle.